

12ª REUNIÓN DO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA

Data: 16 de xuño de 2022

Lugar: mixta: presencial, no Edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia, na Cidade da Cultura, Aula 1 e online, a través de videoconferencia

Hora de comezo: 13:00 h

Hora de remate: 14:00 h

Asistentes

1. Anxo M. Lorenzo Suárez, director xeral de Cultura, presidente
2. Jesús Oitavén Barcala, director xeral de Simplificación Administrativa, vicepresidente
3. M^a Josefa Piñón López, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos, secretaria e vogal
4. M^a del Carmen Calviño Rodríguez, subdirectora xeral de Arquivos e Museos, vogal
5. M^a del Mar García Miraz, xefa do Servizo do Arquivo de Galicia, vogal
6. Gabriel Quiroga Barro, xefe de Sección do Arquivo do Reino de Galicia, vogal
7. Alfonso Cascudo Rasilla, xefe de Sección do Arquivo Territorial da Xunta en Pontevedra, vogal
8. Carlos Iglesias Patiño, xefe do Servizo de coordinación e Planificación do IGE, vogal
9. Carmen Moreiras Plaza, técnica de documentación do Parlamento de Galicia, en representación do Valedor do Pobo, vogal
10. Susana Díaz García, arquivista do Arquivo Municipal de Foz, en representación da FEGAMP, vogal
11. José Luis Mínguez-Goyanes de la Rica, xefe do Servizo do CEDAR da Universidade da Coruña, en representación do Consello Galego de Universidades, vogal
12. Alba Pérez Fernández, arquivista do Arquivo Territorial de Xustiza en Ourense, vogal
13. Eugenia Cuéllar Barbeito, subdirectora xeral de división, coordinación, Seguimento e Análise, en representación da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, vogal
14. M^a Isabel Novo Castro, letrada da Asesoría Xurídica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, vogal

Xustifican a ausencia

1. Pilar Cagiao Vila, profesora de Historia Contemporánea da USC, vogal

Orde do día

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior





2. Informar sobre propostas de avaliación de series documentais da Administración autonómica

Arquivo de Galicia

- Expedientes de autorización de intervención de bens do patrimonio cultural previa ás licenzas municipais de obra. (Cód. AA0390)
- Expedientes de contratos administrativos. (Cód. AA5612)
- Expedientes de contratos privados. (Cód. AA5448)
- Exames e outros documentos de avaliación académica do alumnado de ensinanzas non universitarias. (Cód. AA5113).

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra

- Expedientes de convenios e concertos. (Cód. AA0034)

3. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos:

3.1 Propostas que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG

Arquivo Municipal de Pontevedra

- Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (plusvalías) (Cód.AL548). (S0539)

Táboa T007. DOG núm. 23, do 1 de febreiro de 2018

Datas extremas: 1961-1999

Volume a eliminar: 920 u.i.

- Expedientes do imposto sobre circulación de vehículos (Cód.AL545). (S0539)

Táboa T024. DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020

Datas extremas: 1967-2004

Volume a eliminar: 520 u.i.

Arquivo de Galicia

- Expedientes de axudas para actividades de formación do alumnado en linguas estranxeiras (Cód. AA1307)

Táboa T016 DOG núm. 97, do 23 de maio de 2019

Datas extremas: 2015-2016

Volume a eliminar: 52 u.i.

- Expedientes de certificación da profesionalidade e de acreditacións parciais acumulables (Cód. AA4930)

Táboa T0079 DOG núm. 91, do 11 de maio de 2022



Datas extremas: 2005-2015

Volume a eliminar: 339 u.i.

4. Rolda de intervencións

DELIBERACIÓNS

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

Queda aprobada a acta da sesión anterior

2. Informar sobre as propostas de avaliación de series documentais

Anxo Lorenzo comenta que o estudo da serie "Expedientes de convenios e concertos" (Cód. AA0034), realizado polo Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra non se enviou xunto coa convocatoria, polo que queda pendente para o próximo Consello. Pasa a palabra a Mar García que explica as catro propostas elaboradas polo Arquivo de Galicia.

- Expedientes de autorización de intervención de bens do patrimonio cultural previa ás licenzas municipais de obra. (Cód. AA0390). Apróbase
- Expedientes de contratos administrativos. (Cód. AA5612)
- Expedientes de contratos privados. (Cód. AA5448)

Alfonso Cascudo, Isabel Novo e Eugenia Cuéllar fan comentarios sobre estes dous estudos. Debido a problemas co son recóllense os comentarios escritos a través do chat:

Alfonso Cascudo comenta que podería incorporarse ao estudo da serie de "Expedientes de contratos administrativos" a nota aos produtores e unidades participantes que figura no estudo de "Expedientes de contratos privados", no que se fai referencia expresa á participación das unidades de habilitación, intervención e asesoría xurídica que dunha ou outra forma participan no procedemento de contratación.

Isabel Novo di que non se pode xerar a mesma nota para os contratos administrativos porque os órganos do sector público que sexan de natureza xurídico-privada, fundacións e sociedades mercantís non poden facer contratos administrativos. Sí podemos falar nos contratos administrativos como produtores de Administracións públicas ou entidades de dereito público dependentes.

Jesús Oitavén di que deben levar un tratamento independente os expedientes dos órganos de contratación dos expedientes que obran nas intervencións.

Mar García contéstalle que son dúas series diferentes





Gabriel Quiroga fai unha suxestión para a mellora da aplicación informática EIVA para a elaboración dos estudos. No campo correspondente aos produtores bota en falta un espazo para poñer texto libre, xa que moitas veces o campo dos produtores aparece baleiro, e hai que ir ás notas para ver a información.

Intervén Eugenia Cuéllar en relación aos prazos de conservación propostos nos dous estudos. Nos contratos que teñen cofinanciación comunitaria e poidan ser obxecto de auditoría deben conservarse tamén as ofertas non seleccionadas co mesmo prazo que se indicou: 15 anos, xa que nas auditorías tamén se revisan as ofertas descartadas.

Apróbanse os dous estudos con esta observación: modificar os prazos de conservación aos 15 anos tamén para as ofertas non seleccionadas.

Mar García pasa a comentar o seguinte estudo

- Exames e outros documentos de avaliación académica do alumnado de ensinanzas non universitarias. (Cód. AA5113).

Intervén José Luis Mínguez e pregunta polas consecuencias da aprobación desta serie: ¿Cómo se vai a materializar a eliminación de documentos cumprindo os requisitos?

Mar García di que se impón a elaboración dunha norma ou disposición que permita a eliminación de forma áxil. Todos os centros docentes, todos os anos propoñendo eliminacións, xunto coas universidades é un traballo inxente.

M^a del Carmen Calviño di que hai que reflexionar para que a eliminación se faga con garantías, pero non procede neste consello nin neste momento tratar este tema. Hai que valorar facer unha modificación do decreto e en que termos para excepcionar esto.

3. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos

Anxo Lorenzo informa sobre as propostas de eliminación presentadas. Todas contan con Táboas de avaliación aprobadas:

Arquivo Municipal de Pontevedra

- Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (plusvalías)
- Expedientes do imposto sobre circulación de vehículos

Arquivo de Galicia

- Expedientes de axudas para actividades de formación do alumnado en linguas estranxeiras



- Expedientes de certificación da profesionalidade e de acreditacións parciais acumulables

Rolda de intervencións

José Luis Mínguez intervén e propón que na web de Arquivos de Galicia, na información do Consello de Avaliación Documental de Galicia figuren os nomes das persoas que forman o consello, e non so os cargos. Ninguén se opuxo.

O director xeral comenta que a partir de agora todas as reunións serán presenciais. Se alguén propón conectarse telematicamente se habilitará un enlace á reunión.

ACORDOS

1. Aprobar a acta da sesión anterior
2. Retirar o estudo presentado polo Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
3. Aprobar as propostas de avaliación presentadas polo Arquivo de Galicia.
 - Expedientes de autorización de intervención de bens do patrimonio cultural previa ás licenzas municipais de obra. (Cód. AA0390)
 - Expedientes de contratos administrativos. (Cód. AA5612)
 - Expedientes de contratos privados. (Cód. AA5448)
 - Exames e outros documentos de avaliación académica do alumnado de ensinanzas non universitarias. (Cód. AA5113).
4. Modificar os prazos dos estudos dos contratos: 15 anos, e os que teñen cofinanciación comunitaria e poidan ser obxecto de auditoría conservaranse tamén as ofertas non seleccionadas co prazo de 15 anos
5. Aprobar as propostas de eliminación de documentos
6. Colgar na web de Arquivos de Galicia, na información do Consello de Avaliación Documental de Galicia os nomes das persoas que forman parte do Consello

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 14:00 horas

Santiago de Compostela,

Vº e praxe

A secretaria

O presidente

Mª Josefa Piñón López

Anxo M. Lorenzo Suárez

